

...ollo

Con pés de la ROSA CONDE VIEIRO

Ver de que lado sopra o vento

Mudar de opinión facilmente. Deixarse levar por calquera.
Nas reunións nunca podes contar con ela para defender unha proposta até o final.
Sempre anda a ver de que lado sopra o vento.

Expresións semellantes

Galiza: Ir cos da feira e volver cos do mercado, mudar de cor como o polbo, ser unha virachaquetas.
Portugal: Dançar conforme a música, fazer capicua, ser um vira-casacas, ver de que lado sopra o vento.


Incorrecta ou non recomendábel:

*Irse co vento que corre, moverse con todos os ventos.

SELFIE TENSY XESTEIRA LECTURAFILIA

→ 'Lecturafilia' (blog que recibiu o 2º premio Xuventude da Deputación de Pontevedra) naceu dunha forma un pouco casual en 2012 ao rematar a carreira de Xornalismo, estando no paro. Foi un reto persoal, na carreira animábamnos a participar en proxectos persoais e a min apeteciame facer un blog. A miña paixón é ter así que o tema do blog estaba claro (ri). Unha tarde subín dúas entradas, sen moito afán de continuidade. Mais a verdade é que aos poucos fun sentindo a necesidade de publicar máis e funlle dando un cariz máis profesional, metendo máis seccións, facendo entrevistas, tamén innovamos na imaxe, fun ampliando a sección de libros en galego, e tamén fixen unha sección de libros con mirada de xénero.

→ O que máis me sorprende nestes anos é que descubrín libros maravillosos editados por editoriais



moi pequenas. Antes centrábame nos libros máis vendidos, por dicilo así, pero a medida que fun avanzando centreime nas pequenas xoias que saen desas editoriais. Eu sempre digo que as editoriais pequenas son as que fan que moitas veces a literatura teña sentido, aí están os libros editados con moito mimo e coidado e para lectores e lectoras que buscan algo diferente.

→ Nunca perdín a independencia á hora de escribir no blog, conciboo como unha opinión miña. É certo que hai uns anos tiven unha experiencia: unha autora novel contactou comigo para mandarme un libro e que dese a miña opinión. O libro non me gustou e fixen unha crítica negativa que á autora non lle pareceu ben e atacoume. Naquel momento pensei en deixalo mais seguíñ adiante, tendo claro que ía escribir sempre a miña opinión sendo o máis sincera posíbel.


→ A xente le pouco e lese moito de 'bestseller'. E en galego lese menos, mais estanse a facer cousas moi boas, hai iniciativas maravillosas e iso tamén é destacábel.

→ Un libro para comezar este 2019? *Canción de Solpor*, de Lewis Grassic Gibbon, que me sorprende moi gratamente. Editado por Irmáns Cartoné, que están a facer un labor maravilloso. Este libro gustoume moito, con imaxes moi evocadoras, e ambientado en Escocia, pero que lembra moito o rural da Galiza.

Petisco de letras XOÁN COSTA

[Horizontal] 1. Treboada. ~ Cada un dos membros dunha corporación local.
2. Poñen baixo control, baixo unhas regras ou unha orde. ~ Lugar onde se celebra sacrificio. 3. O mesmo que acó ~ Fagan que unha cousa comece a arder. 4. Pon un tapón ~ Desprazábase a un lugar. 5. Ao revés, entrega algo a alguén ~ Factor hereditario que se transmite nas células reprodutoras ~ Que non ten compañía. 6. Ao revés, símbolo do molibdenio. ~ Un río. 7. Demostrativo feminino plural ~ Que está fóra do límite. 8. Pequeno poema da Idade Media, narrativo ou lírico. ~ Atrever. 9. Observou. ~ Estou en débeda. 10. No plural, período xeolóxico ou histórico de características determinadas ~ No plural, vento suave. 11. Retar. ~ Lazo que ao tirar se apreta máis.

[Vertical] 1. Xestiona, intenta ~ Prefixo latino indicativo da idea de "fóra de" ~ Ao revés, preposición. 2. Encargas, mandados. ~ Profira un discurso. 3. Escola Galega de Administración Pública ~ No plural, peza de vestir elástica que se axusta ao corpo. 4. Letras de bubela ~ Ao revés, adverbio de tempo ~ Mollo, prebe. 5. Remuíño que fan as ondas ~ Pronome persoal de primeira persoa ~ En Química, sufixo dos substantivos que designan elementos. 6. Xerminanme. ~ En latín, onde 7. Ao revés, preposición ~ Barra que une as rodas dun vehículo ~ Batracio moi frecuente en pozas, lagoas e regos. 8. Ao revés, prefixo con significado negativo ~ Asistir, ir a onde esperan. 9. No plural, enfermidade que ataca determinados froitos. ~ Demostrativo, no plural. 10. Indignación, irritación, furia ~ Atrevíanse. 11. Lanceiro. ~ Concello da Coruña, entre Ordes e Santiago.



Solucions

[Horizontal]
1. DESAFIAR - NO
2. ERAS - BRISAS
3. OLLOU - DEBO
4. LAI - OUSAR
5. BAS - ESCESO
6. OM - UMLA
7. AD - XENE - SOA
8. TAPA - LA
9. AÇA - ACENDAN
10. REGUIAN - ARA
11. TERBON - EDIL
[Vertical]
1. TRATA - EX - ED
2. RECAPOS - ORE
3. EGAP - MAILAS
4. BU - AX - SALSA
5. OLA - ED - IO
6. NACENME - URI
7. NE - EIXO - RA
8. DADA - ESSES
9. DADA - ESSES
10. IRA - OUSABAN
11. LANZA - OROSO

Dezaseis palabras do seguinte texto están na sopa. Todas teñen catro ou máis letras. O autor do texto é Armando Cotarelo. O título do libro está en un horizontal do encrucillado.

Non o digo polo de hoxe; polo de onte digo, polo de antonte, polo de sempre. Que non hai folgazán nen pendello que a esta casa non veña laiar; que todos os preguiceiros da parroquia papan á conta de vostede.

T O D O S L B W I Z J
T L L B W A Y R Z E B
K O A L T Z A P B B P
F P B S E I X F N B N
O V E Ñ A D W D A U O
L D H L T C N M P T E
G H W H N N A E A R J
A I U Q O R R A P D A
Z B U N C X H M I K T
A Z T O O A E G N L L
N E D E T S O V X T S